



---

**DITAME SOBRE O DECRETO POLO QUE SE CREA E REGULA O OBSERVATORIO GALEGO DA CONVIVENCIA ESCOLAR.**

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 16 de outubro de 2006, emite o seguinte ditame provisorio en relación co proxecto de Decreto polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón que ao final do apartado b) do artigo 3º, se engada a seguinte expresión: “... e realizando o seguimento e avaliación destas iniciativas”.

2.- Para o apartado d) do mesmo artigo propónse unha nova redacción co seguinte texto: “Propoñer liñas de actuación en materia de formación do profesorado no que respecta á convivencia escolar, promover a elaboración de materiais e facilitar recursos e intercambio de experiencias”.

3.- No artigo 4º; onde di: “autonómico, provincial e de centros educativos”; propónse que diga: “autonómico, provincial e de centros educativos, tendo en conta tamén o ámbito comarcal”.

4.- Para o punto 2 do artigo 5º propónse unha nova redacción dos seguintes apartados:

l) Catro persoas representantes das Confederacións de Asociacións de Pais e Nais, tanto de centros educativos públicos como privados concertados, en función da súa representatividade polo número de APAs asociadas.

m) Dúas persoas representantes das Confederacións de Asociacións de Alumnado.

n) Tres persoas en representación das centrais sindicais máis representativas.

ñ) Unha persoa representante sindical por cada unha das organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial Docente.



o) Dúas persoas representantes das organizacións de titulares dos centros de ensino privados concertados.

Así mesmo propónse a eliminación do apartado h) “Unha persoa representante da Alta Inspección de Educación” e, no seu lugar incluír un novo apartado no que se recolla a seguinte texto: “h) Tres persoas procedentes dos MRPs máis representativos”.

5.- No punto 4 do artigo 5º propónse a substitución do texto actual por outro que diga o seguinte: “A Comisión Permanente estará integrada por cinco membros do Pleno, elixidos por este, e asistida polo persoal técnico dos sectores implicados para realizar aquelas tarefas do Observatorio que precisen de continuidade. Estará presidida pola Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria ou persoa do Pleno en quen delegue”.

6.- Para o punto 2 do artigo 6º propónse a inclusión dos seguintes apartados:

k) Dúas persoas representantes das Confederacións de Asociacións de Pais e Nais, tanto de centros educativos públicos como privados concertados, en función da súa representatividade polo seu número de APAs asociadas.

l) Unha persoa representante das Confederacións de Asociacións de Alumnado.

m) Tres persoas en representación das centrais sindicais máis representativas.

n) Unha persoa representante sindical por cada unha das organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial Docente.

ñ) Unha persoa en representación dos directores dos centros de ensino privados concertados.

o) Tres persoas procedentes dos MRPs máis representativos

7.- Para o punto 2 do artigo 7º propónse unha nova redacción dos seguintes apartados:

c) De un a catro representantes do profesorado en función do número de alumnado, unidades e niveis impartidos no centro.

e) Unha persoa da Asociación de Pais e Nais con máis representatividade no centro ou, no seu defecto, unha persoa representante de pais e nais.

Así mesmo propónse a inclusión de dous novos apartados:

g) A persoa do Consello Escolar do centro que ostente a función de desenvolver os programas e iniciativas de coeducación.



h) O orientador ou orientadora do centro.

8.- Proponse en coherencia coa aceptación do apartado h) antes citado, que se suprima a seguinte expresión no punto 3 do artigo 7º: “... e do orientador u orientadora do centro”

9.- No punto 4 do artigo 7º proponse a inclusión dun novo apartado antes do apartado d), co seguinte texto: “Propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da Convivencia Escolar no centro”.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

V. e Pr.  
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo